



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO GALLEGO DE PUERTO DE LA CRUZ PARA O ESTABLECIMENTO DUN PUNTO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EN PUERTO DE LA CRUZ, VENEZUELA

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar co Centro Gallego de Puerto de la Cruz (Venezuela) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e o Centro Gallego de Puerto de la Cruz (Venezuela) para o mantemento dun punto de información e asesoramento social e ademais colaborar na difusión e xestión dos programas e actividades que desenvolve anualmente a Secretaría Xeral da Emigración, especialmente os de carácter socio asistencial.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Centro Gallego de Puerto de la Cruz en Venezuela é unha entidade sen ánimo de lucro inscrita como comunidade galega no Rexistro da Galegitude. Agrupa actualmente a preto de 300 persoas galegas ou de orixe galega, representativas da importante comunidade galega residente na dita cidade, un colectivo potencialmente susceptible de ser beneficiario dos programas e actividades levadas a cabo pola Secretaría Xeral da Emigración.

En Puerto de la Cruz reside unha importante colonia galega que constitúe un colectivo potencialmente susceptible de beneficiarse dos programas e actividades que anualmente leva a cabo a Secretaría Xeral da Emigración. Ambas as partes coinciden en que é necesario chegar a esta poboación para que coñeza o contido das accións das que pode beneficiarse, especialmente daquelas de carácter socio asistencial, dado que o actual contexto económico que se vive no país fai que moitas destas persoas se atopen en situación de carencia e, por descoñecemento, non solicitan participar nos ditos programas.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade, a única destas características existente en Puerto de la Cruz, é a institución idónea para outorgamento dunha axuda de carácter singular que non se enmarca dentro da súa actuación xeneralizada de axudas, dado que non é posible promover a concorrencia pública, ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no texto da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



A Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, unha contía de sete mil euros (7.000 €).

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

